




**Alejandra de la Barrera**

Fundadora  
PS VET DairyQuality



// Sector  
Sanitario



// Localización  
Boqueixón



// Ano de constitución  
2015



// N° empregados  
5

## // Descrición da empresa

PS VET DairyQuality é una empresa veterinaria que nace en Boqueixón co obxectivo de fomentar a incorporación da muller universitaria ao eido rural. Na actualidade, está especializada no control de calidade hixiénico-sanitaria do leite vacún.

*"O programa Re-acciona achegounos solucións motivacionais para seguir avanzando"*

Alejandra de la Barrera. Fundadora de PS VET DairyQuality

## // Descrición do proxecto

Esta peme detectou a necesidade de mellorar o uso que facían das novas tecnoloxías para lograr un modelo dixital que facilitara o traballo diario e, ademais, obter un nivel de ciberseguridade apropiado para as tarefas que desenvolvían. Isto foi o que os motivou para participar no programa Re-acciona TIC.

O proxecto comezou coa asistencia por parte da empresa a xornadas formativas en grupo coa finalidade de concienciar da importancia da dixitalización no eido empresarial e nos diferentes sectores.

Posteriormente, valorouse o nivel de dixitalización existente na empresa a través dun cuestionario. Finalmente, e a partir desta análise, determináronse as pautas que se debían seguir para introducir as melloras necesarias para adaptarse ao proceso de dixitalización.





## // O resultado

Como resultado da súa participación no programa Re-acciona TIC, PS VET DairyQuality conseguiu elaborar un plan coa metodoloxía que debían seguir para introducir as melloras tecnolóxicas de forma segura e eficiente e, grazas a iso, obtivéronse tres resultados moi positivos:

- A modernización da empresa como consecuencia da súa adaptación ás novas tecnoloxías e a un modelo de traballo seguro e eficiente.
- A optimización dos tempos de traballo destinados aos procesos informáticos.
- A concienciación da empresa da importancia da ciberseguridade, coa obtención dun nivel axeitado ao finalizar o proxecto.

*“Este servizo supuxo a modernización, redución dos tempos de xestión e un maior nivel de profesionalización da nosa peme ”*

Alejandra de la Barrera  
Fundadora de PS VET DairyQuality



## Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.